

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda**, a iniciativa da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate no Pleno**, relativa á perda de emprego a xornada completa.

### Exposición de motivos

Os datos elaborados polo IGE confirman as peores previsións. Logo de seis anos de goberno Núñez Feijóo o emprego a xornada completa atópase nos niveis de hai 20 anos. Unha marcha de cangrexo que destrúe ou dificulta de xeito extraordinario as posibilidades de vivir e traballar con dignidade na nosa terra.

Dende que o IGE recompila esta información, Galicia non rematara o ano con menor poboación ocupada traballando a xornada completa. O 2014 pechou con 911.914 persoas empregadas a xornada completa. Ao rematar 2008, o número de persoas empregadas a tempo completo acadou a cifra de 1.138.965 persoas. O balanço é estarrecedor: a perda coas políticas do austericidio e a xestión eficiente supuxo máis de 187.000 empregos dese tipo.

Esta situación desvela o fracaso da política de emprego do goberno Núñez Feijóo. Só eses datos serían suficientes para fundamentar a urxencia dunha radical rectificación da política económica. Non hai recuperación económica sen recuperación deste tipo de emprego, estable e con dereitos.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:



- O Parlamento Galego insta á Xunta a rectificar de xeito radical a súa política en materia de creación de emprego para rematar coa destrución do emprego a xornada completa.
- O Parlamento Galego insta a Xunta a elaborar un estudo dobre as consecuencias económicas e sociais derivadas da perda desta tipoloxía de emprego no noso país.

En Compostela, a 30 de marzo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 30/03/2015 13:23:43**